



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. José Antonio Rodríguez Vázquez
D. José Pose Blanco
D. José Angel Vázquez Barquero
D. José Tojo Suárez
D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
D. Eusebio Corbacho Rosas
D. Xulio Pardellas de Blas
D. Xosé Luís Legido Soto
D. Jesús Alfaya Fernández
D^a M^a Teresa Allut Roig
D. Alberto Alonso Costas
D^a M^a Luisa Alonso Escontrela
D. Pedro Antonio Araújo Nespereira
D. Enrique Barreiro Alonso
D. Luis Bernal Conde
D. José Luis Capelo Martínez
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. Alfonso Cid Sabucedo
D. José M^a Correa Otero
D. Manuel Fernández Areal
D^a Esperanza Fernández Gómez
D. Joel Fernández Soto
D. José M^a Gil Villanueva
D. Alejandro V. Gómez Soler
D^a M^a do Carmo Henriques Salido
D. Juan Janeiro Vilaboa
D^a Camino Noia Campos
D. Angel Pereira Díaz
D. Cándido Pérez Betanzos
D. Luis Pérez Gómez
D. Emilio José Pérez González
D. Mariano P-Mtnez. y Pérez-Amor
D. Manuel Joaquín Reigosa Roger
D. Francisco J. Rodríguez Berrcal
D. Luis Rodríguez Ennes
D. Celso Rodríguez Fernández
D. Eduardo Rubiales Camino
D. José A. Sampayo Fernández
D. Francisco Tugores Martorll
D^a M^a Teresa Viñas Gil
D. Horácio A. Villar Suárez

DESCULPAN ASISTENCIA

D^a María del Pilar Lopéz Vidal

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, celebrada o vinteseite de maio de mil novecentos noventa e sete, ás 9.30 horas, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O martes, **día 27 de maio de 1997**, ás 10.20 horas, celebrouse sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, da Acta de sesión anterior (15.04.97).
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Asuntos de Profesorado: Aprobación, se procede, da modificación da Normativa para o concurso de prazas de profesorado do curso 97/98; Prazas BOE, Transformacións, Permisos e Cambios de área.
- 4º.- Aprobación, se procede, do Calendario escolar para o curso 1997/98.
- 5º.- Elección, se procede, da Comisión de Conflictos (Candidatura presentada no último Claustro Universitario: D^a M^a Victoria Carballo-Calero Ramos -Fac. Hum. Our., D. Alberto Gago Rodríguez-Fac. CC. Econ. e Empr. Vigo, D. Carlos Hervés Beloso-Fac. CC. Econ. e Empr. Vigo, D. Enrique Mandado Pérez-E.T.S. Enx. Telecom. Vigo, D. Luis Rodríguez Ennes-Fac. Dereito Our. e D. Domingo Docampo Amoedo-E.T.S. Enx. Telecom. Vigo).
- 6º.- Aprobación se procede de "materias optativas" para o curso 1997/98.
- 7º.- Aprobación, se procede, de "adscripción de materias a áreas de coñecemento".
- 8º.- Modificación da Normativa sobre "materias de libre elección" (aprobada 24/29.03.95 e modificada 24.04.96).
- 9º.- Aprobación, se procede, da ampliación do nº de convocatorias das materias en planos de estudos vellos "en extinción".
- 10º.- Convocatoria de prazas nas Residencias da Universidade de Vigo para o curso 97/98.
- 11º.- Substitución de membros na Comisión de Investigación.
- 12º.- Aprobación, se procede, do proxecto de "Recursos e reservas de auga no campus de Lagoas-Marcosende. Legalización do sistema de captación".
- 13º.- Aprobación, se procede, de petición de Doutoramento en Filoloxía Alemana.
- 14º.- Aprobación, se procede, de sinatura de: a) convenios-marco coa Asociación Española de Fisioterapeutas e co Concello de Vilagarcía (baseándose no acordo-marco aprobado pola Xunta de Goberno con data 22.12.95); e b) convenios co Bispado de Tui-Vigo e entre as tres Universidades galegas (cursos de verán).
- 15º.- Rogos e preguntas.

Preside a sesión o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, e actúa como Secretario, o Xeral da Universidade, D. Xosé Luís Legido Soto.

No **punto 1**, apróbase a acta coas modificacións que se reflicten na definitiva.

D. Horacio A. Villar Suárez presenta un conste en acta (anexo I) sobre a redacción da acta do 15-04-97.

No **punto 2**, o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez informa de varias cuestións:

-sobre a finalización do proceso electoral dos Directores/as de Departamento;

-explica a posta en marcha da exposición sobre "Universidade de Vigo. Visión de Futuro", na que se recollen os traballos, dedicacións e esforzos de tódolos membros que compoñen a Comunidade universitaria. A mostra comenará cunha presentación e unha xornada de portas abertas no Campus de Ourense o vindeiro día 31 de maio e se prolongará ata o 3 de xuño; despois se celebrará no Campus de Pontevedra e por último no de Vigo;

-de que se está a piques de adxudica-las obras para a construción do edificio de Ciencias Sociais no Campus de Pontevedra, así como das ampliacións das Escolas de Enxeñería Técnica Industrial e de Empresariais; nestes momentos estanse a estudar diferentes ofertas presentadas polas empresas para conseguirlas mellores condicións económicas e de construción. Por outra parte a vindeira semana reunirse a Comisión de seguimento que decidirá, unha vez se dea o visto e prace ó proxecto de construción, a saída a concurso das obras do edificio de Dereito para o Campus de Ourense. Tamén indicou que o 3 de xuño se inaugura a axardinamento do Campus de Ourense; nesta data a Universidade espera recibir da Xunta de Galicia as obras de ampliación coa urbanización rematada. No Campus de Vigo estanse a realizar importantes melloras como ampliación de aparcamentos, viais, sendeiros de comunicación entre os diferentes Centros. do comezo das obras de ampliación do edificio do Rectorado que se espera estean rematadas en decembro e do cumprimento dos prazos previstos na construción do edificio da Biblioteca Central en Lagoas-Marcosende.

-sobre a xuntanza da "Comisión Académica do Consejo de Universidades" que se celebrará o día 3 de xuño e na que se tratarán os límites de prazos para o curso 1997/98. Segundo explica, en principio foi aceptada a proposta aprobada pola Xunta de Goberno.

No **punto 3**, o Vicerrector de Profesorado, D. Eusebio Corbacho Rosas presenta as modificacións da Normativa, que foron estudadas pola Comisión de Docencia e o Servicio de Persoal.

Apróbanse as modificacións da Normativa pola que se terminan as bases xerais das convocatorias de concurso para a selección de persoal docente interino e contratado da Universidade de Vigo curso 98-98 (anexo II); acordase que as taxas para a inscrición nos concursos sexan iguais ás das Universidades de Santiago e A Coruña.

Apróbase a saída a BOE das seguintes prazas:

C08	765	CAT-UN	Vigo	- - -
C06	015	TIT-UN	Vigo	Vázquez Pampín, Carmen
C07	640	TIT-UN	Ourense	Montaña Miguélez, Julia M.D. de la
X02	180	TIT-UN	Ourense	Fuenteseca Degeneffe, Margarita
T12	800	TIT-UN	Vigo	Arias Acuña, Alberto Marcos
T12	800	TIT-UN	Vigo	Rubiños López, José Oscar
X04	215	TIT-EU	Ourense	González Fontao, M ^a del Pilar

Apróbanse as seguintes transformacións de prazas:

C03	420	Rolán Álvarez, Emilio	de AXU-UN1 a PP2
C03	420	Presa Martínez, Pablo	de AXU-UN1 a PP2
C07	750	Nieto Palmeiro, Oscar	de AXU-UN1 a TIT-UN(I)
H06	575	Cabeza Pereiro, M ^a Carmen	de PP2 a TIT-UN(I)
H06	795	Juan Bulufer, M ^a Desamparados	de PP1 a PP2
T06	295	Alejano Monge, Leandro R.	de PP1 a TIT-UN(I)
T06	705	Souto Otero, José Carlos	de PP1 a PP2
T12	800	González Serrano, Fco. Javier	de PP1 a TIT-UN (I)

Apróbase a concesión dos seguintes permisos:

Lastra Valdor, Mariano	dende 15.06.97 ata 16.09.97
Feijoo Carnero Carmen	dende 01.07.97 ata 30.09.97
De Uña Álvarez, Jacobo	dende 01.08.97 ata 31.10.97

Infórmanse favorablemente os seguintes cambios de área:

-da área 330 "Filoloxía Española" (suprimida) á área 567 "Lingua Española":

--Enríquez Salido, M^a del Carmen; Paula Pombar, M^a Nieves de; Blanco Rodríguez, Luisa; Sueiro Justel, Joaquín; Esparza Torres, Miguel Angel; e Fernández Romero, José Antonio (estes cambios pendentes de aprobar polo Consello de Universidades).

--Anaya Revuelta, Inmaculada; Báez Montero, Inmaculada Concepción; Cid Sánchez, Eduardo; Pérez Rodríguez, M^a Rosa; Quilis Sanz, M^a José; e Rifón Sánchez, Antonio.

-da área 330 "Filoloxía Española" (suprimida) á área 583 "Literatura Española":

--Álvarez Vázquez, M^a Teresa; Cacheiro Varela, Maximino; Montero Reguera, José; Troncoso Durán, Dolores (estes cambios pendentes de aprobar polo Consello de Universidades).

--Candelas Colodrón, Manuel Angel; e Fariña Busto, M^a Jesús.

-da área 380 "Filosofía do Dereito, Moral e Política" (suprimida) á área 381 "Filosofía do Dereito":

--Allegue Aguete, Pilar; e Rodríguez González, Jesús Primitivo (estes cambios pendentes de aprobar polo Consello de Universidades).

-da área 380 "Filosofía do Dereito, Moral e Política" (suprimida) á área 383 "Filosofía Moral":

--Caruncho Michinel, Cristina; e Fernández Álvarez, Antón (estes cambios pendentes de aprobar polo Consello de Universidades).

-da área 810 "Toxicoloxía e Lexislación Sanitaria" (suprimida) á área 807 "Toxicoloxía":

--Lafuente Giménez, M^a Anunciación (este cambio pendente de aprobar polo Consello de Universidades).

Presenta o **punto 4** o Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto e se propoñen as seguintes modificacións:

-calendario escolar curso... --> substituílo por "*calendario do curso...*"

-1.- O período... ó 25 de setembro de 1998 --> substituílo por "*ó 26 de setembro de 1998*"

-10.- Os centros con materias anuais poderán flexibiliza-la data..." --> substituílo por "*Os centros con materias anuais poderán, de acordo co seu Regulamento, solicita-la data...*".

Por outra banda D^a M^a do Carmo Henriques Salido pide que se cambie o termo "entroido" por "carnaval"; non se acepta.

Apróbanse as modificacións que se reflicten no Calendario do Curso Académico 1997/98 definitivo (anexo III).

D. José A. Sampayo Fernández, D. Alejandro V. Gómez Soler e D. Jesús Alfaya Fernández, alumnos, solicitan que se cumpra dito calendario, xa que nalgúns Centro tanto as clases como os exames non se atinxen exactamente ó calendario.

A profesora Henriques Salido non está de acordo co calendario, por non cambia-lo termo proposto por ela.

No **punto 5**, o Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto que di que se eleva a Xunta de Goberno a candidatura presentada no último Claustro Universitario para a Comisión de Conflictos (D^a M^a Victoria Carballo-Calero Ramos da Facultade de Humanidades de Ourense, D. Alberto Gago Rodríguez da Facultade de CC. Econ. e Empresariais de Vigo, D. Carlos Hervés Beloso da Facultade de CC. Econ. e Empresariais de Vigo, D. Enrique Mandado Pérez da E.T.S. Enx. Telecomunicación de Vigo, D. Luis Rodríguez Ennes da Facultade de Dereito de Ourense e D. Domingo Docampo Amoedo da E.T.S. Enx. Telecomunicación de Vigo), no cal ó non acadarse os 375 necesarios para a súa aprobación, non foi posible a realización de dita votación.

Propón que se aprobe na Xunta de Goberno xa que en moitas Universidades vense facendo deste xeito e as sentencias contra a Comisión de Conflictos elixida deste xeito foron favorables á Universidade.

Prodúcese un debate no que a profesora Henriques Salido está en contra do proceso, xa que se ten que aprobar no Claustro Universitario.

O profesor Correa Otero ratifica as palabras da profesora Henriques Salido e pide que algún membro da Comisión de Reclamacións estea na Comisión de Conflictos.

O profesor Rodríguez Ennes explica as diversas sentencias que dan por válida a elección da Comisión de Conflictos en Xunta de Goberno, sempre que estea esgotada a vía de elección do Claustro.

D. Emilio José Pérez González fai consta-la súa dúbida sobre a legalidade de dita elección.

O profesor Fernández Alvarez pide a "retirada do punto da orde do día e pospoñe-la súa aprobación á inclusión na composición da antedita Comisión do Catedrático, Dr. D. Eusebio Corbacho Rosas" (anexo IV).

Retírase o punto da orde do día.

Presenta o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire, no **punto 6**, a lista de materias optativas (anexo V).

Da materia "Mecánica de Fluídos" indica que a Comisión asignouna a área de "Mecánica de Fluídos", mentres que o Centro solicita a adscripción a "Física Aplicada", argumentando que non hai ningún profesor da área de "Mecánica de Fluídos" no campus de Ourense e que o ser unha materia optativa e de 6 créditos, non se pode contratar a un profesor a tempo completo.

Por outra parte se argumenta que a área de "Física Aplicada" xa imparte materias de "Mecánica" polo que se pode facer cargo de dita materia.

O Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire, indica que o nome da materia coincide exactamente coa da área de coñecemento e que dita área está disposta a cumpri-lo encargo docente.

O Director do Departamento de "Física Aplicada", D. Mariano Pérez-Martínez y Pérez-Amor, indica que se vai abster de dita votación xa que dende o principio non estivo de acordo en como se levou o tema da Facultade de Física no campus de Ourense.

Faise a votación co seguinte resultado:

-a favor de "Mecánica de Fluídos":	5 votos
-a favor de "Física Aplicada":	11 votos
-abstencións:	14

Aprobase a asignación de "Mecánica de Fluídos" á área de "Física Aplicada".

Nas optativas da Licenciatura en Filoloxía Inglesa, prodúcese a intervención da Directora do Departamento de Filoloxía Galega e Latina, D^a Camino Noia Campos, que pide que a "Lingua Galega II" sexa "sen custo".

Ó mesmo tempo solicita que se acepte a proposta do Centro sobre as materias optativas.

Algúns membros da Xunta de Goberno indican que en titulacións "baratas" nas que so hai unha orientación, teríase que ser máis flexible.

O Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire indica que o número de optativas está aprobado en Xunta de Goberno e que habería que modifica-lo Regulamento para que tódolos Centros tiveran o mesmo dereito.

Faise a votación co seguinte resultado:

-a favor da proposta da Comisión:	14 votos
-en contra:	3 votos
-abstencións:	10

Na titulación de "Traducción e Interpretación" suscitase a posibilidade de aumenta-lo número de optativas.

Prodúcese unha votación co seguinte resultado:

-a favor da proposta da Comisión:	17 votos
-en contra da proposta:	3 votos
-abstencións:	5

Acordase que os Centros decidan cal desas materias optativas impartiranse "sen custo".

Na materia "Series Temporais" da Facultade de CC. Económicas e Empresariais, o Director do Departamento de "Estatística e Investigación Operativa", D. Antonio Vaamonde Liste, solicita a adscripción de dita materia á área de "Estatística e Investigación Operativa".

Prodúcese unha votación, co seguinte resultado:

-a favor da proposta da Comisión:	11 votos
-a favor da proposta do Departamento:	3 votos
-abstencións:	5

Faise de seguido unha votación global:

-votos a favor:	18
-votos en contra:	1
-abstencións:	1

Apróbanse as materias optativas para o curso 1997/98 (anexo VI).

Hai un conste en acta (anexo VII) presentado pola Xunta de Facultade de Humanidades Vigo.

Presenta o **punto 7**, "aprobación, se procede, de adscripción de materias a áreas de coñecemento", o Vicerrector de Profesorado, D. Eusebio Corbacho Rosas, indicando que as áreas de nova creación, "Física Teórica" e "Óptica" se asignan de xeito provisional ó Departamento de "Física Aplicada".

Apróbase a adscripción de materias a áreas de coñecemento (anexo VIII) e a asignación provisional das áreas de "Física Teórica" e "Óptica" ó Dpto. de "Física Aplicada".

No **punto 8**, informa o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire sobre a proposta de modificación da Normativa sobre materias de libre elección, aprobada en sesión da Xunta de Goberno de 24 e 29.03.95 e xa modificada na sesión do 24.04.96.

Aprobese a modificación da Normativa sobre materias de libre elección (anexo IX).

Presenta o **punto 9**, "aprobación, se procede, da ampliación do nº de convocatorias das

materias en planos de estudios vellos, en extinción", o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire.

Apróbase por asentimento a ampliación de 4 a 6 convocatorias nas materias en planos de estudos vellos "en extinción", de acordo coas normas publicadas no BOE de 23-11-96.

No **punto 10**, o Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto presenta a "convocatoria de prazas nas Residencias da Universidade de Vigo para o curso 98/98".

Fanse modificacións nos seguintes apartados:

3. A) c.2.- 2º párrafo, onde di: "No caso... o número de materias será o que corresponda o curso mais alto no que estivese matriculado en 1996/97, segundo establecido no plano", ten que dicir: "*No caso... o número de materias será nas que estivese matriculado en 1996/97, segundo establecido no plano*".

3. C) A, onde di: "Ter superado... materias non inferior á metade das que consta o curso máis alto no que estivese matriculado. No caso de que estas sexan cinco, ter superadas alomenos 2 sempre que a puntuación académica non sexa inferior a 0,6", ten que dicir: "*Ter superado... materias igual á metade das que estivese matriculado. No caso de que estas sexan inferior a cinco, ter superadas alomenos 2 sempre que a puntuación académica non sexa inferior a 0,6*".

Acéptase tamén que os alumnos/as da Universidade de Vigo poidan presentar certificacións das súas notas sen paga-las taxas correspondente.

Apróbase a convocatoria de prazas nas Residencias da Universidade de Vigo para o curso 1997/98 (anexo X).

No **punto 11**, apróbase a substitución na Comisión de Investigación, da profesora Estévez Toranzo polo profesor Cid Sabucedo.

Neste punto, pídesse que se revisen tódalas Comisións delegadas da Xunta de Goberno.

O Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez presenta o **punto 12**.

Aprobase o proxecto "Recursos e reservas de auga no campus de Lagoas-Marcosende. Legalización do sistema de captación" (anexo XI).

O profesor Pérez-Martínez y Pérez-Amor fai consta-lo grave problema que existe coa auga no campus de Lagoas-Marcosende.

Presenta a solicitude do **punto 13**, "petición de Doutoramento en Filoloxía Alemana" a Secretaria do Departamento de "Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemana" profesora Ruzicka Kenfel, para que sexa achegado ó Consello de Universidades.

Aprobase a petición de Doutoramento en Filoloxía Alemana (anexo XII).

No **punto 14**, apróbase a sinatura de convenios-marco coa "Asociación Española de Fisioterapeutas" e co "Concello de Vilagarcía" (baseándose no acordo-marco aprobado pola Xunta

de Goberno con data 22.12.95).

O convenio co Bispado de Tui-Vigo retírase para que se faga unha nova redacción do mesmo.

O convenio entre as tres Universidades galegas para a celebración de "cursos de verán" (anexo XIII).

No **punto 15**, Rogos e preguntas, preséntanse varios.

- D. XOSÉ MANUEL CID FERNÁNDEZ.-

- 1) Pregunta se de acordo co novo decreto dos planos de estudio, os Centros deberán modificalos en outubro (*o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire di que non é exactamente así e que non hai que modificalos en outubro*).
- 2) Di que cada vez circulas máis papeis oficiais en castelán; roga que se procure o uso do galego.
- 3) Pregunta se se vai revisar a lista de titulacións, xa que existe unha discrepancia entre o aprobado polo Claustro Universitario e a que pide a Plataforma Pro Campus.

-D. JUAN JANEIRO VILABOA.- Le un escrito (anexo XIV), asinado por varios alumnos/as da Xunta de Goberno.

-D. EMILIO JOSÉ PÉREZ GONZÁLEZ.-

- 1) Protesta pola tradución do texto entregado na última xuntanza da Xunta de Goberno en incluído en Rogos e preguntas (*O Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto indique que sempre que se queira que figure un texto literal, terá que entregarse por escrito*).
- 2) Roga que se lle abone o pagamento ós que fixeron as enquisas dos últimos anos (*o Xerente, D. Andrés Ramón Trillo García di que se están a asinar estes pagamentos*).
- 3) Roga que se devolva o diñeiro do carné escolar (*o Xerente, D. Andrés Ramón Trillo García di que xa se devolveron 10.000 e quedan outros 4.000, dos que se están a facer cheques individuais*).

-D. ENRIQUE BARREIRO ALONSO.-

- 1) Roga que se arranxe o tema do profesor da área de "Linguaxes e Sistemas informáticos" que non ten asinado Centro no Campus de Vigo.
- 2) Indica que hai persoal de administración e servizos (PAS) que traballando no Edificio Politécnico non está asignado a ningún Centro.
- 3) Roga que na reforma que estase a facer no campus de Ourense se teñan en conta varias saídas para os coches e que se estableza algún tipo de control para que non aparque xente allea á Universidade.
- 4) Rosa que se axilicen os pagos ás empresas (*O Xerente, D. Andrés Ramón Trillo García di que hai que estudar detidamente o tema das saídas do campus; respecto do persoal de administración e servizos (PAS), di que se está nun edificio e non se asigna a un Centro é porque comparte varios Centros*).

-D. ALEJANDRO V. GÓMEZ SOLER.-

- 1) Pide que os aparcamentos do Campus sexan de tódolos sectores.
- 2) Pide que os convenios dos cursos de verán das Universidades Galegas se estendan ó resto das Universidades (*o Vicerrector de Relacións Exteriores, D. Xulio Pardellas de Blas indícalle que se concede sempre e cando existe reciprocidade*).
- 3) Roga que o Servizos de Normalización Lingüística faga todo tipo de traducións (*o Vicerrector de Relacións Exteriores, D. Xulio Pardellas de Blas indica que o Servizo atópase saturado de traballo; o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que se está a traballar en amplialo*).
- 4) Roga ó Secretario Xeral que cando se fixe a orde do día da Xunta de Goberno, os temas de interese queden para o final.

-D. HORARIO A. VILLAR SUÁREZ.-

- 1) Pídelle ó Xerente que explique porque non se fixo unha oferta para negocia-la execución dunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza, feita pola Xunta de Persoal e remitíuse o escrito, sen consultar, á Sala da Coruña (*o Sr. Xerente, D. Andrés Ramón Trillo García responde que no mes de novembro plantexou á Xunta de Persoal Funcionario as distintas posibilidades de execución da sentenza e que non tivo resposta xa que posteriormente a totalidade da Xunta de Persoal dimitiu tras unha asemblea na que non se decidiu nada ó respecto, polo que transcorrido un período superior a seis meses estimouse oportuno, por parte deste Xerente, enviar un escrito ó Tribunal Superior de Xustiza no que se plantexaba a fórmula de execución que a Universidade entendía máis axeitada e da que supón que o Tribunal dará traslado á Xunta de Persoal*).
- 2) No que se refire a un escrito sobre a presenza da Policía na porta do Rectorado que intentou botar fóra a unha persoa, pregunta porque non se lle contestou e porque se chamou á Policía (*o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez indica que a persoa, despois de ser escoitada polo Vicerrector de Relacións Exteriores, quería que a recibise o Rector ou senón non se ía do Rectorado*).
- 3) Pregunta se se vai establecer algunha solución para os aparcamentos do persoal do Rectorado (*o Rector, D. Xosé Antonio Rodríguez Vázquez di que se está a buscar unha solución*).
- 4) Roga que o Xerente retire o escrito das vacacións do persoal de administración e servizos (PAS), xa que se fixo sen negociar, ó igual que as bases para a selección do persoal que intervira nas probas da selectividade.
- 5) Quere deixar constancia que a Xunta de Persoal pediu que se aumente o Servicio de Normalización Lingüística.

-D. LUIS BERNAL CONDE.-

- 1) Pregunta se se vai demole-lo edificio da Cruz Vermella no campus de Lagoas-Marcosende (*o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez contesta que se vai trasladar ó Edificio Fundación*).
- 2) Pregunta porque nos cursos dispensados no CACTI, sobre informática, se lle cobra ós alumnos 35.000 ptas. e ós Profesores e Pas 7.000 (*O Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez indícalle que son cursos de formación do Profesorado e do PAS*).
- 3) Xa que na LRU se instaura que os alumnos formen parte dos órganos de goberno da Universidade, pregunta entón porque nalgunhas comisións non hai representación de alumnos.
- 4) Pregunta se xa se reuniu a Comisión sobre o Fracaso escolar, e no caso afirmativo, se ten feito algún estudio.
- 5) Cal son os criterios que se teñen en conta para o nomeamento dun Doutor Honoris Causa.

-D^a M^a DO CARMO HENRÍQUEZ SALIDO.- Presenta un escrito (anexo XV).

-D. JOSÉ LUÍS CAPELO MARTÍNEZ.- Presenta un escrito (anexo XVI).

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 21.30 h. do día 27 de maio de 1997 da que eu como Secretario dou fe, co visto e praxe do Rector.

O Rector,

O Secretario Xeral,

José Antonio Rodríguez Vázquez

Xosé Luís Legido Soto